

## Novas da rede

### Nova campaña de difusión da Rede Mentoring

A Rede Galega de Empresarios Mentores, que na actualidade está formada por 27 empresas e 52 mentores, continúa a súa expansión. Tras unha primeira fase dedicada a difundir os conceptos básicos do mentorizaxe e os servizos que a nosa Rede ofrece, o pasado mes de xullo puxemos en marcha unha nova campaña de divulgación que persegue dous obxectivos diferenciados: por unha banda, **incrementar o número de membros** da Rede; por outra, **diversificar os perfís profesionais dos mentores** de forma que cada vez esteamos mellor preparados para dar resposta ás demandas das empresas con independencia do sector do que proveñan.

Dentro desta nova campaña, o 15 de xullo tivo lugar a presentación da Rede Mentoring no Parque Tecnolóxico de Ourense, Tecnópole, e o 16 de xullo celebrouse unha reunión de presentación do mentoring a diversas entidades colaboradoras de Ferrol e comarca. Neste caso asistiron, entre outros, membros da Cámara de Comercio de Ferrol, da Asociación de Empresarios Ferrolterra, da UXT e representantes dos concellos de Narón, Ortigueira, Moeche, San Sadurniño, Fene, Ferrol e Mugardos.



Edificio CEI (Centro de Empresas e Innovación) de Tecnópole, en Ourense.

## AXENDA

### Xornadas de negocios en Oporto

Os vindeiros 16 e 17 de outubro terán lugar en Oporto unhas xornadas de negocios no marco do **Programa Sae ó Mercado**, impulsado por Bic Galicia e cuxo obxectivo é acompañar ás pemes de nova creación para acelerar a súa consolidación.

**Teléfono de contacto e inscrición: 981 546 828**

### Novas convocatorias de cursos online de Bic Galicia

Informámosvos de que xa está aberto o prazo de inscrición para os cursos online do último cuadrimestre do campus virtual de Bic Galicia. Entre outros, atoparedes cursos sobre habilidades directivas, mercadotecnia, finanzas ou comercio exterior. E recordade que estes cursos, subvencionados polo Fondo Social Europeo, son totalmente gratuítos.

**Máis información: [www.bicgalicia.es/campusvirtual/](http://www.bicgalicia.es/campusvirtual/)**

## Actualidade da empresa

### Presentado en Santiago o novo Servizo de Apoio ao Autónomo



O pasado 27 de xullo, o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, presentou oficialmente o novo Servizo de Apoio ao Autónomo xestionado por Bic Galicia.

Este novo servizo conta cunha **plataforma de difusión en Internet** a través da que se pode acceder ás principais prestacións do programa: asesoramento sobre financiamento, axudas e subvencións; manuais de xestión e guías de negocio; e información sobre cursos de formación, tanto presenciais como online. Conta tamén cun **teléfono de información** que ofrecerá, en palabras de Javier Guerra, “resposta inmediata ás cuestións que se expoñan, porque a rapidez na xestión das demandas do colectivo é fundamental para que o servizo sexa eficaz”.

Ao acto de presentación asistiron representantes das principais organizacións de autónomos, que quixeron trasladar ao conselleiro a súa satisfacción pola posta en marcha da iniciativa.

**Máis información: [www.autonomosgalicia.org](http://www.autonomosgalicia.org)**

### Programa Erasmus para Mozos Emprendedores

En febreiro deste ano, a Comisión Europea puxo en marcha o Programa Erasmus para Mozos Emprendedores, que ofrece a posibilidade de traballar ata seis meses cun empresario de éxito doutro país europeo. O programa facilita o intercambio de coñecementos entre emprendedores e empresarios con experiencia, favorece o acceso a novos mercados e a procura de socios comerciais e ofrece unha excelente oportunidade para aprender como crear ou mellorar o propio negocio.

Desde a súa posta en marcha, preto de 700 emprendedores presentaron as súas candidaturas e xa están en marcha máis de 100 experiencias en distintos países da Unión Europea.

Recentemente acaba de iniciarse o proceso de *matching* entre solicitantes galegos e empresas da UE, pero aínda segue aberto o período de presentación de solicitudes, tanto de emprendedores (aqueles que teñen plans firmes de montar o seu negocio ou o fixeron nos últimos tres anos) como de empresarios con experiencia (donos ou directores dunha peme).

**Máis información e inscrición: [www.erasmus-entrepreneurs.eu](http://www.erasmus-entrepreneurs.eu)**

# Experiencias de mentoring

## DAVID FERNÁNDEZ VELOSO

Mentor da Rede Galega de Empresarios Mentores



*Responsable de produto no departamento de mercadotecnia de R, David Fernández Veloso é máster en Dirección Comercial e Marketing pola Escola de Negocios Caixanova e Enxeñeiro Técnico Industrial por EUPF. Toda a súa vida laboral desenvolveuse no campo do marketing e vendas.*

### Que lle animou a participar na Rede Mentoring?

Resúltame especialmente motivador participar na difusión do coñecemento e as experiencias empresariais, tanto desde o punto de vista do desenvolvemento persoal como profesional. É ademais un exercicio enormemente gratificante poder darlle utilidade práctica ás teorías de negocios e á experiencia profesional en contornas profesionais diferentes ao cotián, coa satisfacción engadida de ver que a aplicación práctica das estratexias obtén os froitos buscados.

### Cales eran os seus obxectivos específicos como mentor?

Lograr dar foco comercial ao traballo que a empresa está levando a cabo no sector da construción da arquitectura modular. Para iso traballouse na procura dunha proposta de valor única e diferencial para cada produto no deseño dunha estratexia comercial con posibilidades de éxito no mercado.

### En que consistiu e como se desenvolveu o proceso?

Traballamos por medio de reunións as cuestións críticas ou as carencias dos produtos e servizos para enfrontarse ao mercado. O método baseouse en expor as cuestións por medio da reflexión conxunta, para que fora a empresa a que chegara ás respostas e puír desde a crítica construtiva estas formulacións, para melloralas en caso de ser necesario.

### Que dificultades atopou?

Realizar unha comunicación clara e concisa do porqué de cada formulación para lograr a implicación da empresa.

### Como valora os resultados acadados? E a súa participación?


Clarificadores e enriquecedores. Espero que a miña colaboración facilite o establecer o mellor dos camiños posibles para enfrontarse ao mercado.

### Que aspectos destaca do funcionamento da Rede, tanto os positivos como aqueles nos que sexa preciso mellorar?

A Rede constitúe unha iniciativa digna de eloxio pola súa achega ao tecido empresarial galego. É destacable o bo labor de coordinación que Bic Galicia realiza durante o proceso de mentoring. Como aspecto de mellora, baixo o meu punto de vista sería desexable que se desenvolvese máis a comunicación da existencia da rede ás empresas galegas (coa colaboración doutros axentes sociais), pondo en valor os beneficios que o empresario pode obter dela, dun xeito contundente e motivador para lograr un maior número de proxectos que fagan máis activa e dinámica esta iniciativa.

## PABLO RASCÓN

Director de Boavida, construción modular y microarquitectura



*Boavida iniciou a súa andaina no ámbito da arquitectura tradicional, pero reorientou a súa actividade en 2008 ata a construción industrial, especializándose nas estruturas modulares e na microarquitectura. É a primeira empresa galega destas características e pioneira a nivel estatal.*

### Que lles animou a participar na Rede Mentoring?

A posibilidade de contar co asesoramento dunha persoa con experiencia nun área na que nos interesaba mellorar. Foi a recomendación dun amigo a que nos animou a participar.

### En que consistiu e como se desenvolveu o proceso de mentorizaxe?

Consistiu en tres reunións. Na primeira, expuxemos a situación da empresa e a nosa estratexia. Na segunda, debatemos sobre as nosas fortalezas e debilidades, así como as ameazas e oportunidades, para elaborar nunha terceira reunión un cadro final que debatemos e perfilamos ata obter un documento que nos servirá de guía para os próximos meses.

### Como valoran a experiencia e a súa participación nela?

Foi moi positiva. De feito, a nosa intención é realizar unha nova mentorización noutra área da empresa na que queremos mellorar. Gustaríanos destacar doutra banda a calidade e disposición do mentor, que fixo que todo fora máis fácil.

### Que aspectos destacan do funcionamento da Rede, tanto os positivos como aqueles nos que sexa preciso mellorar?

Paréceme unha iniciativa sensacional dispor de asesoramento de persoas con experiencia para orientar ás empresas e evitar que cometan moitos erros que, sen experiencia, se adoitan cometer. Coñecemos a nosa empresa desde un punto de vista máis obxectivo e creamos un novo vínculo de amizade co mentor.

## MÁIS INFORMACIÓN

Teléfono: 981 646 823 - Fax: 981 546 832

[www.redementores.com](http://www.redementores.com) - [info@redementores.com](mailto:info@redementores.com)

**IGAPE - BIC Galicia - XesGalicia**

Barrio de San Lázaro 63A

15703 Santiago de Compostela



**IGAPE**  
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA



XESGALICIA



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

